

R. 0109

GUITIRIZ*Anuncio***LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO EXPEDIENTE DE PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL MEDIANTE CONCURSO EN QUENDA DE MOBILIDADE EN EXECUCIÓN DA OEP COMPLEMENTARIA 2020. EXP. 796/2020.**

Por Decreto de alcaldía do Concello de Guitiriz de data 12/01/2020 aprobouse a seguinte lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos/as á convocatoria para a provisión dunha praza de funcionario da policía local mediante concurso en quenda de mobilidade en execución da OEP complementaria 2020:

Aspirantes admitidos:

Gayoso Fernández, José María
Vázquez Cedeira, Eloy

Aspirantes excluídos/as: non existen

De conformidade coa base 6ª da convocatoria, os excluídos dispoñen dun prazo de 10 días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación desta resolución no BOP, para emendar o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación. Posteriormente, a Alcaldía declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no BOP, na web e no taboleiro de anuncios do Concello. Na mesma resolución, a Alcaldía determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección.

No dito Decreto acordouse así mesmo publicar a presente resolución no taboleiro de edictos, na páxina web e no BOP de Lugo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Guitiriz, 13 de xaneiro de 2021.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0110

O INCIO*Anuncio***EXPEDIENTE 237/2020****CORRECCIÓN DE ERROS**

Advertido un erro no Boletín Oficial da Provincia do día 24 de decembro de 2020, polo que se aproba a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do punto de atención á infancia (PAI):

Onde di:

“A presente ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2020.”

Debe dicir:

“A presente ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2021”

O Incio, 15 de xaneiro de 2021.- O alcalde, Héctor Manuel Corujo González

R. 0111

O PÁRAMO*Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 2/01/2021, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **DECEMBRO** de 2020, polo importe total de **2565,75€**.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.